

Grand Magal

O Amor

Islam sufí

Touba, Senegal

Outubro a novembro de 2018

Assan Ndiaye (40 anos)

Meu amigo Assan “Billy” levaba fóra do seu fogar nove anos. Emigrara a España na procura dun futuro mellor, deixando atrás o seu fillo Moustapha de tres meses e a súa muller Fama. Foron nove longos e duros anos lonxe dos seus seres queridos, pero nunca renegou do amor que sentía por eles, un amor que lle deu forza e lle axudou a tirar cara a adiante, a loitar e a non se render.

Sentinme un gran afortunado ao presenciar o reencontro de Billy coa súa familia en Ngiogomaye, o seu fogar e lugar de nacemento. Xuntos peregrinamos á tumba do *cheikh* Ahmadou Bamba en Touba, durante o Grand Magal, para agradecerlle o reencontro coa súa familia.

O Grand Magal é unha peregrinación relixiosa importante na que se conmemora o exilio de doce anos do líder relixioso sufí ao veciño Gabón. O suceso remóntase á época colonial, pois as autoridades francesas temían que Bamba se servise da súa popularidade para iniciar un levantamento que nunca aconteceu.

Bamba está enterrado na gran mesquita de Touba, punto de encontro dos seus seguidores, que recordan alí o seu exilio e ensinanzas. A celebración é numerosísima e non se cingue só aos humildes.

Por todo isto, o regreso do meu amigo Billy nesta época tan sinalada, e despois de tanto tempo fóra, foi algo marabilloso.